

## PRESENTACIÓN XERAL

**fest@ctiva** é un programa de actividades alternativas para a xente moza que o Departamento de Educación e Mocidade vai a desenvolver os días 2 e 3 de xuño no Campus Sur de Santiago de Compostela xestionado por Coper@ctiva Cultural. A realización desta actividade nace ao abeiro da análise das necesidades e das inquedanzas da mocidade compostelá. Pretende ofrecerlle á mocidade alternativas de ocio e culturais.

Este programa propón actividades como opción alternativa conxugando formación, tempo libre e diversión. Como eixos vertebradores están a intervención no tempo de ocio da mocidade con actividades adaptadas ás necesidades específicas, o uso de espazos públicos e oferta dunha alternativa de ocio nocturo.

## OBXECTIVOS

- A.- Promocionar entre a mocidade alternativas para un uso positivo do tempo de ocio.**
- B.- Ofertar alternativas de Tempo Libre sen límites de participación por motivos económicos.**
- C.- Recuperar espazos para o encontro entre a mocidade aproveitando ao máximo os recursos que ofrece a cidade ou vila**
- D.- Xenéranse actividades, obradoiros, concertos, facendo partícipes aos mozos e mozas da autoxestión do seu tempo.**
- I.- Incentivar o espírito creativo e crítico da mocidade**

## PRESENTACIÓN DE ACTIVIDADES

### I.- CUESTIONES DE INTERESE

**DATAS:** Todas as actividades desenvolveránse os días xoves 2 e venres 3 de Xuño, centradas fundamentalmente na realización de diversos obradoiros formativos, demostracións e actuacións que se pecharán cunha grande festa final, a Fest@cción o día 3 de xuño, coa participación de grupos con diferentes propostas musicais.

**>> Todos os obradoiros están abertos a:**

- Participación de todas aquelas persoas que o desexen entre os 16 e os 30 anos
- A participación será de balde e pode realizarse simultaneando distintos obradoiros ata cubrir as prazas.

**>> O lugar onde se realizarán as actividades será diante no Estanque do Campus Sur (Avda Marqués de Sargadelos), en espazos habilitados para as actividades.**

**>> Calquera das actividades programadas poderá ser suspendida** por causas de forza maior ou doutra índole que imposibiliten a súa normal realización. En caso de que isto suceda informarase puntualmente dos posibles cambios na programación.

## **II.- PROGRAMACIÓN**

### **• OBRADOIRO DE MALABARES 6h**

**Descrición:**

Obradoiro práctico de creación e manexo de instrumentos malabares onde poderemos aprender diferentes técnicas e modalidades con mazas, bolas, paus chinos, etc.

Impartido por membr@s do colectivo de malabaristas Alehop de Pontevedra.

**DATAS:** Xoves 2 e venres 3 de Xuño

**HORARIOS:** de 21:00 a 00:00 h

### **• OBRADORIO DE CLOWN 6h.**

**Descrición:**

Curso no que se traballa a técnica do clown como disciplina teatral e tamén como ferramenta comunicacional e fomentadora das habilidades sociais.

Impartido por membros da compañía galega de clown Os Sete Magníficos Máis Un.

**DATAS:** Xoves 2 e venres 3 de Xuño

**HORARIOS:** de 21:00 h a 00:00 h

### **• OBRADOIRO DE DJ HIP-HOP 6 h**

**Descrición:**

Obradoiro no que se introducirá @s asistentes no mundo da creación musical con pratos de DJ. Para elo coñeceremos os elementos técnicos necesarios, as técnicas fundamentais para a manipulación do material técnico e a creación de ritmos hip-hop.

Impartido por membr@s do colectivo galego de hip-hop Dios Ke Te Crew

**DATAS:** Xoves 2 e venres 3 de Xuño.

**HORARIOS:** de 21:00 a 00:00 h

### **• OBRADOIRO DE PERCUSIÓN AFRICANA 6h:**

**Descrición:**

Clases prácticas impartidas por un mestre percusionista de introducción ás diferentes variantes rítmicas e técnicas da percusión africana, centradas fundamentalmente no manexo do Djembé, instrumento de percusión típico africano.

*A organización recomenda ás persoas interesadas que aporten os seus propios instrumentos de percusión.*

**DATAS:** Xoves 2 e venres 3 de Xuño

**HORARIOS:** de 21:00 a 00:00 h

• **OBRADORIO DE RAP 4 h.**

**Descrición:**

Obradoiro de achegamento ó Rap, no que @s asistentes poderán coñecer máis de preto como se orixinou a cultura do rap, como se manifesta (Dj, MC, Grafites, hip-hop, etc.)

Impartido por membros do colectivo galego de Hip-Hop Dios Ke Te Crew.

**DATAS:** Xoves 2 e venres 3 de Xuño

**HORARIOS:** de 21:00 a 23:00 h

• **OBRADORIO DE BREAKDANCE 2 h.**

**Descrición:**

Obradoiro no que se introducirá @s asistentes na disciplina circense dos zancos da man de monitores expertos na materia.

Impartido por membros do colectivo galego de Hip-Hop Dios Ke Te Crew.

**DATAS:** venres 3 de xuño

**HORARIOS:** de 21:00 a 23:00 h

• **NOITE PAIASA.**

**Descrición:**

Velada teatral coa participación das compañías Os Sete Magníficos Máis Un co espectáculo *As Cincetas Descowntroladas* e Dous son Compañía, co espectáculo *Un mitin pasado por auga*.

**DATAS:** Xoves 2 Xuño

**HORARIOS:** de 00:00 a 2:00 h

• **FEST@CCIÓN**

**OBRADOIROS:**

ANIMACIÓNS (Clown, monociclo, etc.)

DEMOSTRACIÓN DE BREAKDANCE .

DEMOSTRACIÓNS DOS ALUMNOS DOS OBRADOIROS REALIZADOS

**CONCERTO:**

“DEGGO” (Grupo de percusión senegalesa)

“A MATRACA PERVERSA” (Rock Galego) – presentando en primicia o seu 2º disco *EVOLUCIONARIOS* (Para esta presentación contarán coa colaboración de numerosos artistas galegos que xa colaboraron na elaboración de dito disco)

## A ORGANIZACIÓN

ORGANIZA:



XESTIONA:



---

**Departamento de Educación e Mocidade: 981 55 44 00**  
**COPERACTIVA: 981 58 28 36**

**Máis información en :**   
**[www.santiagodepostela.org](http://www.santiagodepostela.org)**   
**[www.educacompostela.com](http://www.educacompostela.com)**   
**[www.culturaactiva.org](http://www.culturaactiva.org)**